


Movements migratorios COMUNICADO

Importante aumento da inmigración procedente do estranxeiro en Galicia durante o ano 2006

No ano 2006 rexistráronse en Galicia 22.948 inmigracións procedentes do estranxeiro, das que 16.962 foron de nacionalidade estranxeira, o que supón un aumento do 21% respecto ao ano 2005. No seguinte gráfico pódese apreciar como a inmigración estranxeira procedente do estranxeiro está a crecer a un ritmo moi elevado dende o ano 1999.

Inmigracións de estranxeiros procedentes do estranxeiro.
Galicia



Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros facilitados polo INE

En canto á procedencia destas inmigracións foráneas cabe dicir que son os latinoamericanos o colectivo que maior crecemento rexistrou nos últimos anos de xeito que no 2006 un 50% dos estranxeiros proceden de América Central e do Sur, sobre todo de Brasil (2.546) e Colombia (1.087). Os principais países de orixe europeos son Portugal (1.862) e Romanía (712).

Por outro lado, contabilizáronse 5.986 inmigracións de españois procedentes do estranxeiro, destes 2.079 regresaron ao seu concello de nacemento. Proceden dos países que constituíron, décadas atrás, os principais destinos das emigracións galegas: Suíza, Alemaña, Francia e Reino Unido no continente europeo e, por outra banda, Estados Unidos, Arxentina, Brasil e Venezuela no continente americano.


Esta chegada de inmigrantes do estranxeiro (tanto de emigrantes retornados como de estranxeiros para radicarse en Galicia) está a salvar, nos últimos tempos, o crecemento demográfico desta comunidade.

A saída de estranxeiros cara outras comunidades explica a maior parte do saldo migratorio negativo de Galicia co resto de España

Aínda que no 2005 se rexistrou un saldo migratorio positivo co resto de España, durante o 2006 as saídas cara o resto de comunidades superaron ás entradas, resultando un saldo migratorio negativo nesta ocasión de -1.438 migracións, un 87% delas de nacionalidade estranxeira.

Madrid, as Illas Canarias e Cataluña, nesta orde, son as comunidades autónomas que teñen maior peso nos fluxos migratorios tanto de entrada como de saída de Galicia. Entre estas tres comunidades engloban entorno ao 50% dos movementos migratorios co resto de España.


Movementos migratorios de Galicia co resto de España. Ano 2006



Os concellos limítrofes ás grandes cidades seguen a ser o destino preferido dos migrantes dentro de Galicia

Os núcleos sitos no cinto metropolitano das grandes cidades manteñen o protagonismo nos movementos migratorios internos. O estudo das migracións segundo o tamaño demográfico dos concellos de orixe e destino revela que máis da terceira parte dos movementos migratorios de Galicia teñen coma orixe concellos de máis de 50.000 habitantes e a metade destes teñen como destino municipios de entre 10.000 a 50.000 persoas. Os concellos meirandes e os máis pequenos presentan saldos migratorios internos negativos, namentres que os de tamaño intermedio son os que se benefician destas migracións de persoas dentro de Galicia.

Saldo migratorio interno por concellos. Galicia. Ano 2006




Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros facilitados polo INE

Por outro lado, hai que salientar que un 82% dos cambios residenciais entre concellos de Galicia, fanse dentro da mesma provincia.

Aumenta a intensidade do fenómeno migratorio

A xeito de resumo cabe sinalar que durante o 2006 se produciu un aumento das emigracións e das inmigracións totais (incluíndo tanto as externas como as internas). Nos últimos anos as inmigracións crecen a un ritmo máis elevado que as emigracións (sobre todo as inmigracións procedentes do estranxeiro) o que se traduce nun aumento paulatino do saldo migratorio, que no 2006 se situou en 17.601 persoas.



Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros facilitados polo INE

Resumo dos movementos migratorios. Galicia e provincias. Ano 2006

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Emigracións	88.770	37.986	9.702	13.557	27.525
Emigración interna	63.489	28.070	6.704	9.841	18.874
Emigración externa	25.281	9.916	2.998	3.716	8.651
Inmigracións	106.371	45.630	11.799	15.356	33.586
Inmigración interna	63.489	28.904	6.405	9.401	18.779
Inmigración externa	42.882	16.726	5.394	5.955	14.807
Saldo migratorio	17.601	7.644	2.097	1.799	6.061
Saldo migratorio interno	0	834	-299	-440	-95
Saldo migratorio externo	17.601	6.810	2.396	2.239	6.156
Co resto de España	-1.438	-468	132	-104	-998
Co estranxeiro	19.039	7.278	2.264	2.343	7.154

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros facilitados polo INE

Para máis información:

Movementos migratorios. Ano 2006

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Contacto : <http://www.ige.eu/ga/estructura/contacto/index.htm>
 e-mail: ige@ige.eu